

Instrumentos do sistema educativo galego para o
exercicio do dereito dos traballadores
á formación profesional

*Galician Educational System Instruments
to Enable the Right of Workers
to Vocational Training*



BELISARIO SIXTO SAN JOSÉ

Inspector de educación e doutor en Dereito

Recibido: 30/06/2014

Aceptado: 30/07/2014

Resumo

A Constitución española obriga os poderes públicos a estableceren unha política que garanta a formación profesional dos traballadores. Este artigo céntrase en analizar os instrumentos específicos previstos no sistema educativo galego para facilitar o exercicio deste dereito aos traballadores.

Palabras chave: formación profesional, educación de adultos, sistema educativo.

Abstract

The Spanish Constitution requires the public authorities to establish a policy that ensures workers training. This article focuses on analyzing the specific instruments provided by the Galician educational system to facilitate the exercise of this right to workers.

Keywords: Vocational training, Adult education, Educational system.

I. Introducción

1. A formación profesional, recoñecida no Estatuto dos traballadores como un dereito destes en relación co traballo¹, ten o seu fundamento último na propia Constitución española, a cal, dentro dos principios directores da política social e económica, establece na epígrafe 2 do seu artigo 40² que «os poderes públicos fomentarán unha política que garanta a formación e readaptación profesionais» dos traballadores³. Pode afirmarse que este é un dereito que ten –utilizando a expresión de Martínez Girón– «un carácter especialmente compulsivo»⁴ no ordenamento xurídico español, que deriva da citada previsión constitucional. De por parte, cómpre precisarmos que por formación profesional se entende –segundo indica o artigo 9 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional⁵– o «conxunto de accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica»⁶.

2. Sobre a base do establecido na Constitución, correspóndelles aos poderes públicos fomentar as accións encamiñadas a lles permitir aos traballadores o exercicio deste dereito. Para dar cumprimento a esta previsión constitucional, tanto na Administración xeral do Estado como nas administracións das comunidades autónomas os departamentos con competencias en materia de traballo contan con unidades que teñen dentro das súas funcións a realización ou xestión das ofertas formativas que

¹ Véxase a letra b) da epígrafe 2 do artigo 4 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (BOE n.º 75, do 29 de marzo de 1995).

² Que está situado no capítulo III do título I.

³ O artigo 40 da Constitución non alude expresamente aos traballadores cando establece o fomento da formación profesional. Así e todo, a posición sistemática deste artigo permite concluírmos que tal previsión está destinada a eles en concreto, pois aparece intimamente relacionado coa promoción profesional e acompaña outros dereitos como o dereito á seguridade e a hixiene no traballo; ao descanso necesario mediante a limitación da xornada laboral, ou mesmo ás vacacións periódicas retribuídas.

⁴ Véxase MARTÍNEZ GIRÓN, J.; ARUFE VARELA, A. e CARRIL VÁZQUEZ, X. M. (2013) *Derecho de la Seguridad Social*. A Coruña, Netbiblo, p. 169, onde o citado autor utiliza esta expresión a respecto do dereito á prestación por desemprego, xustamente por «aparecer especificamente esixida pola CE».

⁵ BOE n.º 147, do 20 de xuño de 2002.

⁶ Artigo 9. Continúa indicando que dentro da formación profesional se inclúen «as ensinanzas propias da formación profesional inicial, as accións de inserción e reinserción laboral dos traballadores, así como as orientadas á formación continua nas empresas, que permitan a adquisición e actualización permanente das competencias profesionais». Véxase tamén o artigo 39.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE n.º 106, do 4 de maio de 2006), en diante LOE.

garantan a efectividade deste dereito. Así, na Administración central esta competencia correspóndelle á Subdirección Xeral de Políticas Activas de Emprego do Servizo Público de Emprego Estatal⁷. Polo que se refire á Xunta de Galicia, dentro da Consellería de Traballo e Benestar a competencia tena atribuída a Subdirección Xeral de Formación para o Emprego⁸.

3. Porén, as administracións con competencias en materia de traballo non son as únicas que realizan accións coa finalidade de facilitar o exercicio do dereito á formación profesional da poboación activa⁹. Estas tamén son levadas a cabo, entre outras¹⁰, polas administracións educativas no ámbito das súas competencias. Dentro da Administración xeral do Estado, a Dirección Xeral de Formación Profesional do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ten entre as súas funcións «as relacións de coordinación no ámbito da formación profesional e da aprendizaxe ao longo da vida»¹¹. Pola súa banda, dentro da Administración educativa galega a Subdirección Xeral de Formación Profesional inclúe entre as súas funcións algunhas directamente

⁷ Véxase o artigo 13 do Real decreto 1383/2008, do 1 de agosto, polo se aproba a estrutura orgánica e de participación institucional do Servizo Público de Emprego Estatal (BOE n.º 201, do 20 de agosto de 2008). Véxase tamén, no mesmo real decreto, a letra h) do artigo 2, que establece como unha das competencias do Servizo Público de Emprego Estatal a de «xestionar os programas de (...) formación profesional para o emprego».

⁸ Véxase a epígrafe 1 do artigo 19 do Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar (DOG n.º 46, do 6 de marzo de 2013). Esta competencia distribúese entre os dous servizos de que se compón a citada subdirección, o de Planificación de Formación para o Emprego e o de Xestión Administrativa de Formación para o Emprego (véxase a epígrafe 2 do citado artigo 19).

Téñase en conta que tras a aprobación do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego (BOE n.º 87, do 11 de abril de 2007), pasaron a integrarse neste os anteriores subsistemas de formación profesional continua e ocupacional coa finalidade de «adaptar a formación dirixida aos traballadores ocupados e desempregados á nova realidade económica e social, así como ás necesidades que demanda o mercado de traballo» (véxase o parágrafo segundo da exposición de motivos deste real decreto).

⁹ Por poboación activa enténdese, segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE), o conxunto de «persoas de 16 ou máis anos que (...) subministran man de obra para a produción de bens e servizos ou están dispoñibles e en condicións de incorporarse á devandita produción», subdividida en «ocupados e parados». INE (2014) [en liña] *Encuesta de Población Activa (EPA). Primer trimestre de 2014*. Dispoñible no enderezo web <<http://www.ine.es/daco/daco42/daco4211/epa0114.pdf>>.

¹⁰ Véxase, a modo de exemplo, o artigo 8 do Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde (DOG n.º 47, do 7 de marzo de 2013), en cuxa epígrafe 1, letra a), se sinala como unha das funcións da Subdirección Xeral de Investigación, Docencia e Innovación a de «planificación, promoción e avaliación das accións de formación sustentadas nas necesidades do Sistema Público de Saúde de Galicia»; ou o artigo 3.1 da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública (DOG n.º 143, do 16 de maio de 1987), que fixa como un dos seus fins «a realización de cursos de (...) formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma».

¹¹ Véxase a letra b) da epígrafe 1 do artigo 7 do Real decreto 257/2012, do 27 de xaneiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (BOE n.º 24, do 28 de xaneiro de 2012).

relacionadas coa formación profesional do colectivo das persoas activas¹². Son, precisamente, as accións de formación profesional promovidas pola nosa administración educativa destinadas a este colectivo (as persoas adultas) as que serán obxecto de análise neste artigo.

II. Consideracións xerais da formación profesional no réxime para as persoas adultas en Galicia

4. A norma marco que regula a formación profesional no sistema educativo de Galicia é o Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia¹³. O seu artigo 20, titulado «Réximes e modalidades das ofertas de formación profesional», establece dentro do réxime para as persoas adultas as modalidades presencial, semipresencial e a distancia¹⁴, que se tratarán deseguido. Tamén se analizará a formación profesional dual, a que non se fai referencia no citado decreto, dado que foi introducida na normativa reguladora do sistema educativo español no ano 2013¹⁵, malia que xa con anterioridade se sentaran as bases para o seu desenvolvemento¹⁶.

5. Con carácter xeral, para acceder a calquera modalidade do réxime para as persoas adultas esíxese o cumprimento dos requisitos xerais de acceso aos ciclos de formación profesional¹⁷, e un requisito específico de idade consistente en ter dezoito anos ou cumprilos antes de que finalice o ano natural en que comece o curso escolar¹⁸.

¹² Véxase, entre outras, as letras g), i), j) ou k) da epígrafe 2.3 do artigo 24 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (DOG n.º 13, do 18 de xaneiro).

¹³ DOG n.º 131, do 12 de xullo.

¹⁴ Tamén prevé establecer a modalidade de curso completo, así como a posibilidade de realizar ofertas por unidades formativas de menor duración (con formación tanto presencial como semipresencial e a distancia), mais até hoxe non se fixo efectiva ningunha destas posibilidades, nin sequera se estableceu unha regulación para as unidades formativas de menor duración.

¹⁵ Véxase a Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, de mellora da calidade educativa (BOE n.º 295, do 10 de decembro de 2013), en diante LOMCE, que introduciu o artigo 42 *bis* na LOE.

¹⁶ Véxase o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual (BOE n.º 270, do 9 de novembro de 2012).

¹⁷ Son os que veñen determinados no artigo 41 da LOE.

¹⁸ Excepcionalmente permíteselles aos maiores de dezaseis anos acceder a este réxime cando se der algunha das seguintes circunstancias: a) que teñan «un contrato laboral que lles impida acudir aos centros educativos polo réxime ordinario», ou b) «que sexan deportistas de alto rendemento» (véxase o parágrafo segundo da epígrafe 1 do artigo 43 do Decreto 114/2010).

No entanto, permítese o acceso a determinada oferta de formación profesional para certos colectivos sen necesidade do cumprimento dos requisitos xerais de acceso, caso dos módulos profesionais incluídos en títulos e asociados a unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais¹⁹. Esta posibilidade xustifícase pola necesidade de «facilitar a formación permanente, a integración social e a inclusión de persoas e de grupos desfavorecidos no mercado de traballo»²⁰. Neste caso será preciso acreditar «unha experiencia laboral equivalente ao traballo a tempo completo de dous anos nunha actividade laboral directamente relacionada co sector profesional do ciclo formativo que se desexe cursar»²¹.

6. A posibilidade que se lles ofrece a estas persoas de cursaren módulos profesionais de ciclos de formación profesional permítelles que, tras a súa superación, acrediten as unidades de competencia a que están asociados. No entanto, mentres non cumpran os requisitos de acceso non poderán cursar aqueles outros módulos do título que non estean asociados a unidades de competencia²². Dado que en todos os títulos de formación profesional se inclúen módulos non asociados a unidades de competencia²³, non poderán cursar a totalidade dos que os compoñen e non poderán obter o título de formación profesional, pois así o indica a epígrafe 1 do artigo 57 do Decreto 114/2010, que para se titular esixe expresamente a superación da totalidade dos módulos que compoñen o ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el²⁴.

¹⁹ Véxase a epígrafe 3 do artigo 43 do Decreto 114/2010.

²⁰ *Ibidem*.

²¹ Véxase a epígrafe 3 do artigo 7 da Orde do 5 de xuño de 2007, pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas (DOG n.º 115, do 15 de xuño de 2007).

²² Nos anexos IV ou V en función de se é un título de nova creación ou que substitúe outro xa existente dos decretos que desenvolven os currículos dos títulos de formación profesional en Galicia indícanse as equivalencias entre unidades de competencia e módulos profesionais, e viceversa.

²³ Véxase o artigo 22 do Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo (BOE n.º 182, do 30 de xullo).

²⁴ Establece que «para a obtención do título de técnico ou de técnico superior cumprirá acreditar a superación de todos os módulos profesionais de que conste o correspondente ciclo formativo, así como cumprir os requisitos de acceso a el».

III. As modalidades de formación profesional no réxime para as persoas adultas

A) A modalidade presencial

7. O Decreto 114/2010 establece dentro da modalidade presencial a posibilidade de facer ofertas de curso completo, por módulos ou por unidades formativas de menor duración²⁵, mais o certo é que até hoxe a consellería con competencias en materia de educación fai unicamente unha oferta modular. Entende que «esta modalidade facilita a cualificación profesional, xa que ofrece a posibilidade de abordar a realización dun ciclo formativo con máis flexibilidade, e permite dar resposta ás demandas que suscitan o mercado laboral e os colectivos específicos»²⁶.

8. A oferta modular permite matricularse en calquera dos módulos dun ciclo formativo dado. Non é preciso, por tanto, ter superados determinados módulos de formación nun centro educativo como requisito para cursar outros. Esta liberdade de elección de módulos non é, con todo, absoluta, pois teñen que seleccionarse dentro do mesmo ciclo formativo, a carga lectiva máxima anual non poderá superar as 1000 horas e deberá existir unha compatibilidade horaria entre os módulos en que se formalice a matrícula do 90%²⁷. Cando non resulte posible a asistencia a determinados módulos –o que poderá acontecer, entre outras, por razóns laborais, familiares ou de incompatibilidade horaria con outro módulo en que se estea matriculado/a– poderá solicitárselle á inspección educativa a asistencia no réxime ordinario, sempre que existir a oferta dese ciclo neste réxime no centro²⁸.

9. Os criterios para elaborar os horarios na modalidade presencial do réxime para as persoas adultas teñen en consideración as particulares necesidades dos colectivos a que vai destinada esta oferta. A Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das

²⁵ Véxase a letra b) da epígrafe 1 do artigo 20 do Decreto 114/2010.

²⁶ Véxase o parágrafo noveno da exposición de motivos da Orde do 9 de xuño de 2014, pola que se actualiza a oferta modular polo réxime de persoas adultas, nas modalidades presencial, semipresencial e a distancia, de ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano académico 2014/15 (DOG n.º 113, do 16 de xuño de 2014).

²⁷ Así o indica a epígrafe 1 do artigo 5 da Orde do 12 de xullo de 2011, pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG n.º 136, do 15 de xullo de 2011).

²⁸ Véxase a epígrafe 2 do artigo 5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

ensinanzas de formación profesional inicial, precisamente indica que «co fin de facilitar a asistencia do alumnado traballador sempre que as necesidades do centro así o possibiliten, garantírase a homoxeneidade das franxas horarias en que se imparta cada módulo». Do mesmo xeito, «procurárase que a través da distribución horaria o alumnado poida acreditar as unidades de competencia que conformen cualificacións profesionais incluídas no título»²⁹.

10. Outra cuestión relevante canto á elaboración dos horarios nesta modalidade naqueles centros que realicen a oferta completa do título é a necesidade de garantir que o «alumnado poida rematar todos os módulos de formación no centro educativo, agás o módulo de proxecto no caso de ciclos de grao superior, en dous cursos académicos, no caso de ciclos formativos de 2000 horas de duración, ou ben nun curso académico, no caso de ciclos formativos de menos de 2000 horas de duración»³⁰. Unha vez completados os módulos de formación nun centro educativo poderá recibirse o módulo de formación en centros de traballo, e no seu caso facer o proxecto, no primeiro trimestre do seguinte curso académico³¹.

11. Por último, cómpre facermos referencia a un dos elementos en que a oferta para as persoas adultas presenta particularidades a respecto do réxime ordinario: o proceso de admisión do alumnado³². No réxime ordinario, cando hai máis solicitudes que prazas dispoñibles, utilízase para establecer a prioridade de admisión –de xeito análogo a como se fai noutros ámbitos do sistema educativo– o expediente académico do alumnado, tomándose en consideración a cualificación obtida e, no seu caso, a modalidade de bacharelato cursada³³. Non obstante, no réxime para as persoas adultas os criterios que se valoran para establecer esta prioridade non están relacionados coas cualificacións obtidas polo/a solicitante, mais con outros aspectos como a súa traxectoria profesional. Para tal efecto existe un baremo en que se outorga unha determinada puntuación en función do cumprimento ou non de determinados

²⁹ Véxase a letra d) da epígrafe 3 do artigo 19 da Orde do 12 de xullo de 2011. Téñase en conta que, segundo se indica na letra b) da citada epígrafe, «as actividades lectivas, agás a FCT (e o módulo de proxecto, en caso de ciclos de grao superior), desenvolveranse durante os tres trimestres de que consta cada curso académico».

³⁰ Véxase a letra c) da epígrafe 3 do artigo 19 da Orde do 12 de xullo de 2011.

³¹ A epígrafe 6 do artigo 45 do Decreto 114/2010 indica que «no caso da oferta parcial a que se fai referencia no artigo 22.º deste decreto [réxime para as persoas adultas], a consellería con competencias en materia de educación poderá establecer criterios de admisión diferentes aos establecidos con carácter xeral».

³² Véxase as epígrafes 1 a 5 do artigo 45 do Decreto 114/2010.

³³ Lémbrese que, tal e como se indicou antes, é posible matricularse en determinados módulos de ciclos formativos malia non cumprir cos requisitos académicos de acceso.

requisitos, sen que sexan estes excluíntes. Así, na modalidade presencial, cando o/a solicitante cumpre os requisitos de acceso ao ciclo en cuestión outórganselle 10 puntos (con independencia da cualificación obtida na titulación alegada ou na proba de acceso)³⁴. Os restantes puntos asígnanse pola experiencia laboral acreditada nun «sector produtivo directamente relacionado co ciclo formativo a que pertence o módulo profesional», a razón de 3 puntos por ano, cun máximo de 15 puntos; e por ter módulos xa acreditados no ciclo formativo en cuestión, a razón de 2 puntos por cada módulo³⁵. No caso de que exista empate entre os solicitantes, e coa finalidade de «favorecer o fomento das vocacións nas áreas con infrarrepresentación de mulleres ou de homes», terán prioridade as persoas «do sexo menos representado na área profesional en que se demande a praza de formación»³⁶.

B) As modalidades semipresencial e a distancia

12. A formación profesional a distancia regúlase na actualidade no Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo³⁷, que lle dedica o capítulo IV do título IV. Ten como finalidade permitir «combinar o estudo e a formación coa actividade laboral ou outras responsabilidades, así como con aquelas situacións persoais que dificulten o estudo e a formación en réxime de ensino presencial»³⁸. Para a elaboración da oferta desta modalidade teñen prioridade aqueles ciclos relacionados con sectores en crecemento ou que estean xerando emprego³⁹.

13. En Galiza esta modalidade do réxime para as persoas adultas está prevista no Decreto 114/2010⁴⁰, e organízase por medio da Orde do 5 de novembro de 2010, pola que se establece, con carácter experimental, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e

⁴⁵ Véxase o artigo 10 da Orde do 5 de xuño de 2007, pola que se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos para impartir ciclos formativos de formación profesional de graos medio e superior en réxime ordinario e para as persoas adultas (DOG n.º 115 do 15 de xuño).

⁴⁴ Véxase a epígrafe 5 do artigo 9 da Orde do 5 de xuño de 2007. Este criterio tamén se aplica nos procesos de admisión no réxime ordinario, xunto co sorteo como último criterio de desempate.

⁴³ BOE n.º 182, do 30 de xullo de 2011. Xa con anterioridade era contemplada no Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo (BOE n.º 3, do 3 de xaneiro de 2007), que lle dedicaba o seu capítulo VII.

⁴² Véxase a epígrafe 1 do artigo 49 do Real decreto 1147/2011.

⁴¹ Véxase a epígrafe 2 do artigo 49 do Real decreto 1147/2011.

⁴⁰ Véxase o artigo 23 do Decreto 114/2010.

semipresencial⁴⁶. Esta última norma foi ditada, non sen certo atraso e precipitación⁴⁷, para pór en marcha esta modalidade de oferta formativa no curso 2010/2011; e continúa a resultar de aplicación na actualidade, malia o seu declarado carácter experimental⁴⁸. Presenta particularidades a respecto da modalidade presencial do réxime para as persoas adultas, tanto desde o punto de vista organizativo e da metodoloxía pedagóxica como nos criterios de admisión, que se analizan deseguido.

14. Comezando polas particularidades organizativas, o número máximo de alumnos por grupo é de cincuenta⁴⁹, fronte aos trinta que –con carácter xeral– se sinala para as modalidades presenciais⁵⁰. Os módulos desenvólvense sobre a base da titoría individual e colectiva do alumnado por parte do profesorado responsable de cada módulo, e o seu horario anual distribúese de xeito que un 25% da carga horaria se asigna á titoría colectiva e o 75% restante á individual⁵¹. Esta última lévase a cabo «preferentemente de xeito telemático, e [abrangue] as accións de orientación, dinamización, resposta e apoio ao proceso de aprendizaxe para que o alumnado poida aprender de xeito autónomo empregando os materiais didácticos dispoñibles na plataforma de teleaprendizaxe», á procura do «principio da autosuficiencia, colaboración e autoaprendizaxe». Pola contra, a titoría colectiva é de carácter presencial, debe realizarse no propio centro educativo en que o/a alumno/a estiver matriculado/a e ten unha función de apoio e complemento á titoría individual⁵². Dado o carácter destas ensinanzas, a asistencia ás actividades de titoría presencial é voluntaria para o alumnado⁵³.

⁴⁶ DOG n.º 217, do 11 de novembro de 2010.

⁴⁷ A Orde do 3 de xuño de 2010, pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2010-2011 nos centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG n.º 112, do 15 de xuño de 2010), marcou que no citado curso académico se iniciasen as actividades lectivas o día 17 de setembro (véxase o artigo 5), cando nesta modalidade para ese curso académico as actividades lectivas comezaron o día 29 de novembro (véxase a disposición transitoria única da citada Orde do 5 de novembro de 2010).

⁴⁸ Que figura no propio título da orde.

⁴⁹ Véxase o artigo 8 da Orde do 5 de novembro de 2010.

⁵⁰ Véxase a epígrafe 5 do artigo 28 do Decreto 114/2010.

⁵¹ O artigo 12 da Orde do 5 de novembro de 2010 indica na súa epígrafe 1 que «as horas semanais de dedicación á titoría colectiva para a realización por parte do alumnado das actividades programadas non poderá ser inferior ao enteiro igual ou inmediatamente superior ao 25% das horas semanais que se establezan para cada módulo profesional»; e na epígrafe 2 que «o resto do horario semanal establecido para cada módulo corresponderá á titoría individual, que poderá ser telemática, telefónica ou presencial».

⁵² Véxase a epígrafe 2 do artigo 11 da Orde do 5 de novembro de 2010.

⁵³ Véxase a epígrafe 3 do artigo 11 da Orde do 5 de novembro de 2010.

⁵⁴ *Ibidem*.

15. Polo que se refire á metodoloxía pedagóxica, deberá ser «flexible e aberta», baseada «no emprego das tecnoloxías da información e da comunicación, nomeadamente da internet», e incluír «actividades de autoaprendizaxe para o alumnado empregando a plataforma de teleaprendizaxe» que para tal efecto puxo en funcionamento a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria⁵⁴. A través da citada plataforma pónñense ao servizo do alumnado uns materiais didácticos específicos para esta modalidade formativa, que son apoiados con actividades presenciais de carácter eminentemente práctico no centro educativo²⁸⁸, enténdese que nas titorías colectivas. Estes materiais son de uso obrigado por parte do profesorado que impartir estas ensinanzas, que poderá utilizar outro material complementario ou de apoio⁵⁵.

16. No tocante aos criterios de admisión, difiren parcialmente dos existentes na modalidade presencial, aínda que en ambos os casos responden a un padrón análogo que os diferencia do réxime ordinario⁵⁶. Así, tamén se outorgan 10 puntos aos solicitantes que cumpran os requisitos de acceso, igual que na modalidade presencial; porén, na experiencia laboral valórase tanto aquela «nun sector produtivo directamente relacionado co ciclo formativo a que pertenza o módulo profesional» (3 puntos por ano, até un máximo de 15 puntos) como noutros sectores de actividade (1,2 puntos por ano traballado, cun máximo de 6 puntos). Nisto último distínguense dos criterios de valoración na modalidade presencial, onde só se ten en consideración a experiencia laboral en sectores directamente relacionados co título. Por último, tamén existe unha diferenza no que atinxe á puntuación que se asigna por ter módulos acreditados no ciclo, pois concédense 2,25 puntos por cada módulo, fronte aos 2 puntos da modalidade presencial⁵⁷. Na orde non se explica a razón para estas diferenzas no baremo de admisión entre as modalidades presencial e a distancia nin se atopa xustificación para elas; ao noso entender, poden ser debidas á precipitación na publicación da norma, á cal antes se fixo referencia⁵⁸.

C) A formación profesional dual

17. O artigo 42 *bis* da LOE⁵⁹ define a formación profesional dual como «o conxunto

⁵⁵ Véxase a epígrafe 2 do artigo 15 da Orde do 5 de novembro de 2010.

⁵⁶ Os criterios de desempate son os mesmos que na modalidade presencial. Véxase a epígrafe 3 do artigo 6 da Orde do 5 de novembro.

⁵⁷ Véxase a epígrafe 1 do artigo 6 da citada Orde do 5 de novembro.

⁵⁸ Véxase a epígrafe 13 deste traballo.

⁵⁹ Incluído na LOE pola LOMCE.

de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo»⁶⁰; e indica que «o Goberno regulará as condicións e requisitos básicos que permitan o desenvolvemento polas administracións educativas da formación profesional dual no ámbito do sistema educativo»⁶¹. Tal e como se apuntou máis arriba⁶², con anterioridade o Goberno xa ditara un real decreto para establecer as bases da formación profesional dual no sistema educativo español, que constitúe a normativa básica que as administracións educativas deben ter en conta para desenvolver esta formación dentro do seu ámbito de competencia.

18. Para a posta en marcha da formación profesional dual en Galiza, a Administración educativa galega ditou até o de agora tres ordes de autorización de implantación desta modalidade formativa, referidas a supostos concretos e con carácter experimental⁶³. A primeira é de data do 10 de xaneiro de 2013 e refírese a un ciclo formativo de grao superior de Sistemas de Telecomunicacións e Informáticos nun centro formativo en colaboración cunha empresa en concreto⁶⁴. Posteriormente ditáronse as ordes do 26 de xullo de 2013⁶⁵, que autoriza a implantación de catro ciclos formativos noutros tantos centros educativos en colaboración con tres entidades; e do 6 de xuño de 2014⁶⁶, que autoriza a posta en marcha de dez ciclos formativos en seis centros educativos en colaboración con sete entidades. Con todo, aínda non se ditou ningunha normativa que desenvolva a ordenación da formación profesional dual en Galiza. A falta desta norma, debe tirarse do contido común das tres citadas ordes, do que seguidamente se dá conta.

19. A primeira cuestión de que falaremos son os requisitos de acceso a esta modalidade formativa. Nas tres ordes faise referencia ao cumprimento dos requisitos xerais de acceso á formación profesional que figuran no Decreto 114/2010; ora ben, mentres que nas ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013 se alude aos esixidos

⁶⁰ Véxase a súa epígrafe 1.

⁶¹ Véxase a súa epígrafe 2.

⁶² Véxase a epígrafe 4 deste traballo.

⁶³ Xa se indica no propio título das ordes que son proxectos experimentais.

⁶⁴ Véxase o DOG n.º 11, do 16 de xaneiro de 2013.

⁶⁵ DOG n.º 148, do 5 de agosto de 2013.

⁶⁶ DOG n.º 113, do 16 de xuño de 2014.

para o acceso ao réxime para as persoas adultas establecidos no artigo 43 deste decreto⁶⁷, na do 6 de xuño de 2014 menciónase o cumprimento dos requisitos xerais de acceso á formación profesional que figuran no artigo 36 do citado decreto⁶⁸.

Un requisito específico para acceder a esta modalidade formativa, que é común ás tres ordes, é «non ter realizado con anterioridade un contrato de formación e aprendizaxe e cumprir os requisitos establecidos na normativa laboral vixente para poder efectualo»⁶⁹. Tamén figura como requisito común nas tres normas non ter superado ningún módulo do ciclo que se pretenda cursar⁷⁰. Outro requisito común fai referencia á falta da cualificación profesional que permita formalizar un contrato en prácticas para o posto de traballo ou a ocupación obxecto do proxecto⁷¹. Ademais, nas tres figura un requisito de idade, mais mentres que nas dúas primeiras o rango se sitúa entre os dezaseis e os trinta anos, na terceira está entre os dezaseis e os vinte e nove anos para os ciclos de grao medio e entre os dezaioito e os vinte e nove anos para os ciclos de grao superior⁷². Estableceuse, ademais, outro requisito na primeira das tres citadas ordes, referido á prohibición, con carácter xeral, de estar matriculado/a en calquera ensinanza do sistema educativo no curso académico en cuestión⁷³, que non aparece nas outras dúas ordes.

20. A segunda cuestión que cómpre considerarmos nesta modalidade de oferta de formación profesional é o procedemento de admisión, que difire substancialmente dos correspondentes ás restantes modalidades e réximes. Consta de dúas fases: unha no centro educativo e outra na empresa ou entidade colaboradora. Na primeira fase, o centro educativo analiza a documentación presentada polos candidatos e elabora unha relación provisional de solicitantes, ordenada alfabeticamente e con indicación do requisito de acceso ao ciclo formativo, que fai pública no seu taboleiro de

⁶⁷ Véxase a letra a) do artigo 4 das citadas ordes.

⁶⁸ Véxase a letra b) do artigo 2 desta orde.

⁶⁹ Véxase a letra b) do artigo 4 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a letra d) do artigo 2 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷⁰ Véxase a letra d) do artigo 4 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a letra e) do artigo 2 da Orde do 6 de xuño de 2014. Nesta última engádese: «agás que fose cursado noutro ciclo formativo».

⁷¹ Véxase a letra c) do artigo 4 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a letra c) do artigo 2 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷² Véxase a letra c) do artigo 4 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a letra a) do artigo 2 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷³ Véxase a letra e) do artigo 4 da Orde do 10 de xaneiro de 2013.

anuncios. Tras un prazo de dous días hábiles para reclamar diante da dirección do centro, publícase a relación definitiva de solicitantes. Na segunda fase a empresa ou entidade colaboradora, a partir da listaxe facilitada polo centro educativo, e dentro dun prazo de sete días hábiles, selecciona os participantes no proxecto. Para efectuar tal selección, a empresa ou entidade colaboradora «realizará as probas de coñecementos e capacitación profesional e as entrevistas psicoprofesionais para seleccionar as persoas candidatas que teñan o perfil que mellor se adapte ás características da actividade propia da empresa». Finalmente, as persoas seleccionadas deberán formalizar a súa matrícula no centro educativo correspondente⁷⁴.

21. A actividade formativa desenvólvese entre a empresa e o centro educativo. Para tal efecto, a empresa designará un titor ou unha titora que será a persoa responsable do seguimento da actividade formativa na empresa e da comunicación co centro educativo. Pola súa banda, o centro educativo tamén designará unha persoa titora, enténdese que entre o profesorado que imparte docencia a estes alumnos, que terá, ademais das funcións de tutoría establecidas con carácter xeral, a responsabilidade da coordinación co equipo docente e de interlocución coa empresa. Deberase facer, como mínimo, unha reunión de control mensual para o seguimento do alumnado⁷⁵.

22. A avaliación dos módulos profesionais é responsabilidade do profesorado do centro educativo, que deberá ter en consideración as achegas das persoas expertas da empresa, así como o resultado das actividades que se desenvolveron nela⁷⁶. Ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe o profesorado do centro educativo deberá efectuar un seguimento deste, para o que terá que utilizar os instrumentos de avaliación e os procedementos de recollida de información que figuren na programación do módulo⁷⁷. Ao finalizar cada ano do proxecto farase unha avaliación final de módulos⁷⁸. Para continuar no proxecto, con carácter xeral esíxeselle ao alumnado a superación dos módulos correspondentes ao curso académico en cuestión⁷⁹.

⁷⁴ Véxase o artigo 6 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e o artigo 5 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷⁵ Véxase o artigo 8 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e o artigo 9 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷⁶ Véxase a epígrafe 1 do artigo 9 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a epígrafe 1 do artigo 10 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷⁷ Véxase a epígrafe 2 do artigo 9 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a epígrafe 2 do artigo 10 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷⁸ Véxase a epígrafe 3 do artigo 9 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a epígrafe 3 do artigo 10 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁷⁹ Véxase a epígrafe 1 da disposición adicional primeira das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a epígrafe 1 do artigo 12 da Orde do 6 de xuño de 2014.

23. Para finalizarmos debemos facer referencia a outras particularidades desta modalidade formativa. Unha é a respecto do módulo de formación en centros de traballo, pois a superación dos restantes módulos que integran o título –excepción feita, no seu caso, do módulo do proxecto– leva implícita a exención de realizalo⁸⁰. Outra é a respecto de supostos específicos de incumprimento do alumnado, que levan aparelada a exclusión do proxecto de formación dual, isto é: «faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas», «actitude incorrecta, atendendo ao código disciplinario da empresa, ou por falta de aproveitamento»; e, no caso de alumnado con contrato de formación e aprendizaxe, calquera das causas que figuran na normativa laboral para a extinción deste⁸¹.

⁸⁰ Véxase o artigo 10 das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e o artigo 11 da Orde do 6 de xuño de 2014.

⁸¹ Véxase a epígrafe 2 da disposición adicional primeira das ordes do 10 de xaneiro e do 26 de xullo de 2013; e a epígrafe 2 do artigo 12 da Orde do 6 de xuño de 2014.